

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E ASAMBLEA DE COOPERACIÓN POR LA PAZ

Santiago de Compostela a dez de outubro de dous mil dezaseis.

REUNIDOS

Dunha parte,

Dona Concepción Fernández Fernández, Concelleira-delegada da Área de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde, que actúa en nome e representación desta Corporación, en virtude das competencias que lle foron delegadas por Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2016, polo Excmo. Sr. Alcalde-presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela e que lle son recoñecidas a este polos artigos 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; con CIF nº P1507900G e, domicilio social en Praza do Obradoiro, s/n, 15705 de Santiago de Compostela.

E doutra,

Don Alejandro Quiñoá Casteleiro, con DNI 33338166B, que intervéñ neste acto en calidade de apoderado da asociación ASAMBLEA DE COOPERACIÓN POR LA PAZ, con número de identificación fiscal G80176845, domicilio fiscal na rúa Príncipe, 12 – 4º C, código postal 28012, en Madrid, e domicilio para efectos de notificacións en Rúa do Hórreo 22, 1º local E. 15702, en Santiago de Compostela, como entidade sen ánimo de lucro e rexistrada no Rexistro Nacional de Asociacións do Ministerio do Interior co nº 99159.

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

Primeiro.

O Concello de Santiago de Compostela vén desenvolvendo, consonte o artigo 25.2.e) e 26.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, a súa competencia de obrigado exercicio respecto á avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social e, conforme ao disposto na sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo de 2016.

Mediante a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, os poderes públicos galegos garanten como dereito recoñecible e exixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social (artigo 1º.2).

Segundo o artigo 2º.3 da referida norma, os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social,

sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na mesma e as normas que a desenvolvan.

Segundo.

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede, en dous niveis de actuación, comunitaria e especializada, e con carácter xeral correspóndelles aos concellos a competencia na creación e xestión dos servizos sociais comunitarios. Estes pola súa vez, diferéncianse en dous subniveis: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos, sendo os primeiros unha exigencia universal para a Administración local galega e un elemento clave para garantir o acceso ao sistema galego de servizos sociais. Por tal motivo o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, establece que os servizos sociais comunitarios garanten o carácter integrador e coordinado de toda intervención social realizada con persoas ou grupos diversos, atibuíndoselles sobre este particular a función de fomento da cooperación e solidariedade social, que facilite a participación comunitaria en tarefas colectivas, impulse o asociacionismo solidario e, en especial, a organización e coordinación do voluntariado social (artigo 9.1.e).

Mediante o programa de fomento da cooperación e da solidariedade social os servizos sociais comunitarios fomentarán a solidariedade entre os membros da comunidade local, e no desenvolvemento priorizarase o intercambio xeracional, a interculturalidade e as medidas de acción positiva para a consecución da igualdade, e prestarase especial atención á prevención da violencia de xénero (artigo 24).

Terceiro

En resposta ao artigo 9.2 da Constitución, en defensa dos dereitos e promoción dos intereses sociais, o Concello de Santiago de Compostela vén promovendo ás condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos sexan reais e efectivas, así como a remoción dos obstáculos que impiden ou dificulten a súa plenitude, facilitando a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

Con este referente, que é coincidente coa propia filosofía dos servizos sociais, entendidos estes como instrumento da política social, no ánimo de acadar a xustiza e a calidade de vida dos individuos e grupos, pola vía da promoción da participación, nun trato de igualdade e non exento de consideración ás peculiaridades dos diferentes colectivos e grupos, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve, no ámbito das súas competencias, programas e actuacións co fin de garantir a calidade de vida e unha orde social máis xusta e solidaria.

Cuarto.

A asociación ASAMBLEA DE COOPERACIÓN POR LA PAZ configúrase como unha asociación ao abeiro da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Quinto.

A asociación ASAMBLEA DE COOPERACIÓN POR LA PAZ ten como fins, de acordo co artigo 2 dos seus estatutos:

1. Fomentar a paz, solidariedade e deritos humanos en todo o mundo.
2. Axudar ao estudo, investigación e promoción da cooperación internacional.
3. Prestar asistencia económica, cultural, social, educativa, medioambiental, sanitaria e humanitaria aos colectivos étnicos ou sociais que a soliciten en calquera parte do mundo.
4. Prestar asistencia cultural, social ou económica aos exiliados e emigrantes residentes en España.
5. Calqueroutro fin en interese da Paz e la Cooperación entre os pobos.
6. Impulsar programas socioculturais destinados a promocionar a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
7. Fomentar a presenza activa dos xoves mediante programas específicos para eles e promover a atención á infancia.
8. Estimular a participación social activa por medio de programas de fomento e formación do voluntariado.
9. Promover a formación permanente do profesorado e outros axentes educativos e sociais.

Para a consecución deste fin, a asociación orientará a súa actividade ao logro dos seguintes propósitos, segundo o previsto no artigo 3 dos seus estatutos:

1. Prestar todo tipo de axuda para contribuír ao desenvolvemento social, cultural, económico, técnico e científico dos pobos en vías de desenvolvemento.
2. Prestar todo tipo de axuda para contribuír ao desenvolvemento social, cultural e económico da muller e a xuventude, tanto en España como no resto do mundo.
3. Organizar conferencias, ciclos, viaxes e demás actos relacionados coa Paz e a Solidariedade entre os pobos.
4. Organizar campañas de prensa, radio, televisión e demais medios de comunicación para a difusión das ideas da Paz, a Solidariedade e os Dereitos Humanos.
5. Calqueroutra actividade que facilite á asociación o cumprimento dos seus obxectivos.

Sexto.

O Concello de Santiago de Compostela e a asociación ASAMBLEA DE COOPERACIÓN POR LA PAZ, en consonancia coa filosofía da diversidade, da igualdade social e da integración, teñen o propósito de dar estabilidade á colaboración que se vén producindo entre ambas as dúas entidades, dado que a complexidade dos problemas sociais require da implicación de distintos colectivos no camiño de conseguir a xustiza e a igualdade social.

Co obxecto de facer realidade e pór en práctica os obxectivos expostos, tendo en conta a especificidade do obxecto da colaboración, e de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente e, pólo que as partes comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer os termos da colaboración entre as partes asinantes para o desenvolvemento do seguinte programa:

- **PROGRAMA “VITE: CONSTRUÍNDO BARRIO DESDE A PARTICIPACIÓN DA CIDADANÍA”.**

Para levar a cabo este programa o custe total aproximado, ascende a un total de **DEZ MIL EUROS (10.000,00 €)**.

(Ver Orzamento Desagregado onde constan os custos estimados dos conceptos para os cales se solicita a subvención obxecto do convenio no ANEXO I).

Así mesmo, a través do presente convenio a asociación ASAMBLEA DE COOPERACIÓN POR LA PAZ ofrécese ao Concello de Santiago como entidade colaboradora para acoller a persoas que están a realizar traballos en beneficio da comunidade como forma de integración social.

SEGUNDA.- CONTIDO.

- DENOMINACIÓN DO PROXECTO/PROGRAMA:

PROGRAMA “VITE: CONSTRUÍNDO BARRIO DESDE A PARTICIPACIÓN DA CIDADANÍA”.

- DESCRICIÓN DO PROXECTO / PROGRAMA

Construíndo barrio é un proxecto de fortalecemento e visibilización das redes de traballo nos barrios de Compostela co obxectivo de destacar a necesidade de que haxa un tecido asociativo e unha administración pública que traballe en rede para poder fomentar a integración das persoas inmigrantes e para loitar contra a exclusión social desde os barrios. Neste proxecto, que se enfocará no barrio de Vite, realizaremos unha guía de servizos útil e accesible para toda a veciñanza; con especial fincapé nas persoas migrantes, un diagnóstico participado das problemáticas que afectan a veciñanza como forma de sentar as bases de futuras intervencións en pro da integración, e un documental sobre a realidade do barrio no que se amosen os diferentes perfís que conviven no barrio e que pode aportar cada un deles á construción do barrio. Todo elo cun enfoque claro de comunicación que multiplique o alcance do proxecto e que axude a crear cidadanía con conciencia do colectivo.

OBXECTIVOS E PRIORIDADES

Obxectivo Xeral: Por en valor o aporte da sociedade civil e as institucións locais nos procesos de integración de persoas estranxeiras nos barrios de Compostela

Obxectivo Específico: Fortalecer e visibilizar as redes de traballo do barrio de Vite para que poidan servir como ferramenta de integración das persoas inmigrantes.

R.1 A veciñanza define o barrio que queren para o futuro a través dunha diagnose participada

I.O.1.1 Un grupo de seleccionado de 50 persoas, entre as que se atopan persoas migrantes, participa nun diagnose do barrio

I.O.1. 2 A diagnose plasmase nun documento que recolle sistematizado as principais necesidades do barrio en canto a política social e de integración

I.O. 1.3 A Rede de Vite recoñece como representativa esta diagnose

FFVV 1.1 Metodoloxía participativa

FFVV 1.2 Listaxe de asistencia á dinámica

FFVV1.3 Sistematización dos datos recollidos

FFVV 1.4 Dossier Fotográfico

FFVV 1.5 Gravación da posta en común

FFVV 1.6 Enquisas de avaliación do resultado da diagnose entre as entidades que conformar a Coordinadora de Vite

A. 1.1 Deseño da dinámica participativa e selección do grupo focal

A.1.2 Execución da dinámica participativa no barrio de Vite

A. 1.3 Sistematización e posta común dos resultados da diagnose

A.1.4 Presentación dos resultados á rede de entidades do barrio

R.2 A veciñanza de Vite accede a información de tódolos recursos e servizos do barrios, con especial énfase nas necesidades das persoas inmigrantes, a través dunha guía integral .

I.O.2.1 O barrio de Vite ten a súa propia guía de recursos e servizos para consulta da cidadanía

I.O.2.2 A guía de recursos constrúe de forma participada coas institucións e entidades do barrio

I.O.2.3 A veciñanza coñece a guía a través da súa presentación pública

FF.VV 2.1 Guía deseñada e editada

FF.VV 2.2 Listaxe de entidades participantes na elaboración da guía

FF.VV 2.3 Dossier fotográfico da presentación

A.2.1 Selección das entidades participantes e recollida de información

A.2.2 Deseño da guía didáctica

A.2.3 Presentación pública da guía

R.3 Vite pon en valor a diversidade do barrio e o aporte da cidadanía á construción do mesmo a través dun audiovisual

I.O.3.1 Elaborado un proceso participado para a elaboración do documental sobre o traballo en rede do barrio e a súa diversidade

I.O.3.2 Gravado e editado o documental

I.O.3.3 Realizada unha presentación pública no barrio

FF.VV 3.1 Informe das reunións realizadas coas entidades do barrio

FF.VV 3.2 Documental editado

FF.VV.3.3 Dossier fotográfico da presentación

A 3.1 Realizadas encontros para determinar o enfoque do documental, as persoas que participarán e o guiión do mesmo

A3.2 Gravación e edición do documental

A.3.3 Presentación pública do documental

- **RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DO PROXECTO**

Recursos humanos:

Técnico/a responsable do xestión e coordinación do proxecto, especializado en cooperación internacional e traballo de Acción Social nos barrios. Esta persoa será a encargada de toda a coordinación do proxecto, a relación co Concello e a xustificación do mesmo, tanto técnica como económica. A súa vez será o responsable da realización do resultado 2 e da estratexia de difusión do proxecto.

Un documentalista audiovisual, contratado como asistencia técnica, responsable da gravación e edición do documental, que terá ao seu cargo un equipo técnico de iluminación, son e montaxe para conseguir un produto final de calidade. Xes Chapela, o profesional escollido, ten experiencia probada en traballo no eido social.

Unha monitora, contratada como asistencia técnica, responsable da diagnose participada do barrio, que traballará de forma directa co grupo focal e coordinará as súas accións co equipo técnico da ONGD, e con experiencia probada en dinámicas parecidas noutros concellos de Galicia.

Recursos materiais: equipos de gravación, equipos de edición, equipos para presentacións públicas, oficina, internet.

- **AVALIACIÓN DOS RESULTADOS**

O sistema de avaliación dos resultados o medición de logros realizarase a través dun sistema de indicadores, tanto cualitativos como cuantitativos, coas súas correspondentes fontes de verificación, que garanten a verificación do cumprimento dos resultados como en todos os proxectos de cooperación que levamos a cabo.

Empregase o Marco Lóxico para definir o proxecto, polo tanto tamén para a avaliación dos seus resultados.

As fontes de verificación servirán para saber se se cumpriron os indicadores establecidos en este proxecto, e a análise dos indicadores levaranos a comprobar se chegamos aos resultados esperados.

A avaliación será continua, para que no propio desenvolvemento do proxecto se se detecta que non se están a cumprir cos indicadores fáganse as modificacións necesarias para poder chegar igual os resultados esperados.

- **VISIBILIDADE AO PROXECTO E COMO SE VAI DIFUNDIR**

Campaña específica para que terá polo menos 3 campos de acción:

1. Comunicación interna entre todas as entidades que forman parte do barrio para difundir as actividades do proxecto e promover a participación nas mesmas. Esta é unha compoñente imprescindible neste proxecto debido a que a base do mesmo é a participación, polo tanto temos

que garantir a través da comunicación que todas as persoas participantes reciben a información en tempo e forma, que entenden a importancia da difusión da mesma.

2. Difusión do proceso e produtos do proxecto nas redes sociais da nosa organización e promover a retroalimentación das redes do resto de participantes. Compartiranse post co resultado das reunións, das dinámicas participadas, fotografías e vídeos

3. Contacto con medios de comunicación de Compostela para que nos dean espazo nas súas páxinas ou emisións para explicar o proxecto e os seus resultados. Enviaranse notas de prensa e realizaranse contactos directos con xornalistas.

No acto de presentación pública será o momento de dar a coñecer entre toda a veciñanza os resultados do proxecto, tanto a nivel da diagnose como da guía de recursos, como do documental. Neste acto de presentación, consensuado co Concello de Compostela, farase unha convocatoria a medios de comunicación para a súa cobertura.

DATAS: Do 01 de agosto ao 30 de novembro de 2016.

- **ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER NO PROXECTO:**

1. NOME DA ACTIVIDADE: A. 1.1 DESEÑO DA DINÁMICA PARTICIPADA E SELECCIÓN DO GRUPO FOCAL.

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.

Deseñar a dinámica participada máis axeitada para o barrio de Vite e determinar o grupo focal co que traballar para que o resultado da mesma sexa o máis útil posible para o barrio.

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.

As monitoras da cooperativa Feitoría Verde, especialistas en dinámicas participadas, farán un deseño que se adapte o máis posible a realidade do barrio, baixo a supervisión e coordinación do equipo técnico da organización. A proposta de diagnose participada que se presenta contempla como eixos básicos do seu deseño os seguintes elementos:

- O noso punto de partida é o enfoque do proxecto co que se presente fortalecer o traballo en rede como ferramenta de loita contra a desigualdade social desde o local
- Dende un punto de vista metodolóxico, o deseño do diagnóstico no seu conxunto e as técnicas empregadas responden a unha clave participativa, de forma que os datos recompilados son a súa vez interpretados polos destinatarios; habilitándose un diálogo permanente ao tempo que se enriquece a creatividade da diagnose coas achegas das participantes, implicadas así máis directamente no proxecto.

Finalmente, a validez e fiabilidade da investigación fundaméntase na dimensión participativa da diagnose, triangulando metodoloxicamente técnicas e fontes de información.

Primeiro paso: cuestionario e debuxo

A utilización dun cuestionario parécenos a técnica máis acaída para obter información sobre os coñecementos, actitudes e necesidades da veciñanza. Para o seu deseño tomáronse como referencia os obxectivos estratéxicos fixados para o proxecto.

Xunto co cuestionario, que se cumprimentará nunha primeira reunión, proporcionarase ás persoas participantes unha nova enquisa cun espazo en branco. O obxectivo será que leven esta enquisa a casa e que sexa cuberta no núcleo familiar, debuxando entre todas o seu hábitat máis próximo no espazo en branco.

A utilización de técnicas proxectivas como o debuxo para a análise de percepcións sobre fenómenos concretos da contorna é unha práctica crecente no ámbito da investigación en Educación Social e

Educación Ambiental; a elaboración de debuxos supón unha actividade simple, que elimina tensións e permite a comunicación sen as dificultades da expresión oral. Búscase, en calquera caso, manexar, alén dos elementos estéticos, o xogo de metáforas e iconas que constrúen o relato gráfico do hábitat coñecido.

Para a interpretación dos debuxos farase unha codificación emerxente, tomando como categorías de análise aqueles elementos gráficos máis reiterativos.

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

Grupo focal de 50 onde estea representada a poboación do barrio (adolescencia, traballadores/as, inmigrantes, terceira idade e integrantes das organizacións)

LUGAR DE REALIZACIÓN

Barrio de Vite, Compostela

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN

Para levar a cabo esta actividade será necesarias polo menos 1 reunión de planificación co equipo técnico de ACPP e outra coas persoas integrantes da Rede de Vite. Nestas reunións definirase o grupo focal, ao que haberá que contactar para asegurarnos da súa participación e comprensión da dinámica.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.

Técnico/a coordinador do proxecto
Asistencia Técnica de Feitoría Verde

Recursos materiais: material de oficina, reprografía, ordenador, comunicacións (teléfono, internet, fax) e desprazamentos.

DATAS (indicar meses no que comeza e termina a actividade)

Do 1 de agosto ao 15 de setembro

2. NOME DA ACTIVIDADE: A.1.2 EXECUCIÓN DA DINÁMICA PARTICIPADA NO BARRIO DE VITE.

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.

Recollida de datos relevantes para a realización dunha diagnose do barrio coa participación da veciñanza

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.

Escolleranse 10 grupos representativos da veciñanza para realizar un paseo polo seu hábitat. Mais este paseo seguirá dúas pautas: será un paseo sen un percorrido predefinido, poñendo en práctica a técnica da "deriva"; e será un paseo temático, de forma que, mediante subgrupos, aspectos coma a cultura, o xénero ou a mobilidade poidan analizarse especificamente.

A deriva, como ferramenta de recollida de datos, preséntase como unha técnica de investigación especialmente acaída para o ámbito urbano, achegando unha observación en movemento dun hábitat en movemento. A secuencia da actividade sería a seguinte:

1º. Definición das temáticas de observación e limitación do espazo. Coa información recompilada a través do cuestionario e o debuxo definiranse as 4 ou 5 temáticas de observación. Así mesmo delimitarase sobre un mapa, o espazo físico no que desenvolver a actividade.

2º. Xuntanza previa e conformación de grupos: antes de comezar a deriva farase unha breve xuntanza na que explicar a técnica, conformar os grupos e asignar temáticas.

3º. Desenvolvemento da deriva: cada grupo (de 4-5 participantes) comezará o seu paseo e, a través de fotografías e anotacións nos seus cadernos, os participantes irán construíndo unha narrativa colectiva do seu hábitat.

A narrativa realizarase a modo de "twitt", de maneira que cada fotografía contará cunha breve descrición de menos de 140 caracteres no que se indicarán os aspectos máis relevantes polos que se tomou esa imaxe. Con este breve relato obteremos información específica sobre os motivos polos que se realizaron as distintas imaxes nun formato moi versátil para traballar as conclusións e expoñer os resultados.

4º. Peche: despois de 30-45 minutos todos os grupos terán que volver ao centro de reunión, realizándose unha posta en común do que viron, o que lles chamou máis a atención e o que sentiron facendo a actividade.

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

Grupo focal de 50 persoas (adolescencia, traballadores/as, inmigrantes, persoas maiores, usuarios/as das entidades)

LUGAR DE REALIZACIÓN

Barrio Vite

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN

Reunións previas para a selección do grupo focal

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.

Persoal da organización

Monitora da dinámica

Espazo de encontro final

Proxector

Portátil

Móviles

DATAS (indicar meses no que comeza e termina a actividade)

Do 01 de outubro ao 15 de outubro

3. NOME DA ACTIVIDADE: A. 1.3 SISTEMATIZACIÓN E POSTA COMÚN DOS RESULTADOS DO DIAGNÓSTICO

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.

As monitoras, tras recoller toda a información, terán que interpretala e facer un documento con unha diagnose na que establezan as principais conclusións da dinámica, os perfís que participaron no grupo focal e futuras posibles accións que xorden desta experiencia. O produto final non será só un texto, senón que tamén haberá unha relación de fotos e "twitts", ademais dunha gravación da xuntanza de peche, ao que se sumarían as fotos e comentarios que puideramos recoller as dinamizadoras da actividade.

Unha vez procesados os datos do cuestionario, os debuxos e a deriva, convocarase un grupo de discusión proxecto. O obxectivo será valorar que significado proporciona os distintos perfís seleccionados, así como os elementos que destacan na súa percepción, contrastando a visión e experiencia propia das organizacións da rede.

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.

Ter un documento sistematizado para o seu uso por parte do barrio e do Concello

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

A veciñanza do barrio e o Concello

LUGAR DE REALIZACIÓN

Barrio de Vite

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN

Reunións de planificación entre equipo técnico, monitoras e integrantes da rede
Comunicación previa coas persoas participantes

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.

Coordinadora técnica da organización
Monitoras da dinámica

Recursos materiais: material de oficina, reprografía, ordenador, proxector, comunicacións (teléfono, internet, fax) e desprazamentos.

DATAS (indicar meses no que comeza e termina a actividade)

Do 01 ao 30 de outubro

4. NOME DA ACTIVIDADE: A. 1.4 PRESENTACIÓN DO RESULTADO DO DIAGNÓSTICO Á REDE DE VITE

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.

O persoal técnico de ACPP realizará unha presentación pormenorizada ás entidades integradas da rede de Vite sobre o resultado da diagnose, procurando ser o máis construtivo posible para que este documento sirva para xerar posibles accións dentro do barrio que contribúan ao benestar do mesmo e a loita contra a desigualdade. Convidarase a esta presentación, tanto as persoas que participaron, como a outras entidades doutros barrios que puideran ter interese en replicar esta dinámica.

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.

Compartir os resultados da diagnose

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

Persoas que integran a Coordinadora de Vite

LUGAR DE REALIZACIÓN

CSC José Saramago de Vite

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN

Acordar unha data de reunión con todas as entidades que integran a rede

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.

Persoal técnico da organización
Local de reunión
Proxector
Documentos impresos

DATAS (indicar meses no que comeza e termina a actividade)

Do 15 ao 30 de outubro

5. NOME DA ACTIVIDADE. A. 2.1 SELECCIÓN DE ENTIDADES PARTICIPANTES E RECOLLIDA DE INFORMACIÓN.

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.

Se convocará a todas as entidades que traballan ou colaboran de forma activa no barrio de Vite para que formen parte da guía de recursos, tanto públicas como privadas, asociacións, clubs deportivos, ONGD, UTS... todas as entidades e persoas que poden facilitar recursos e servizos no barrio de interese para a veciñanza. Despois deste proceso aberto de participación na guía, presentáraselle un modelo de estrutura na que as diferentes organizacións deberán incluír os seus datos para poder ter presenza na guía. Todo esta información será recopilada pola persoas técnica da organización, revisada e editada. A información será devolta de novo ás organizacións para que se dean o visto bo e enviada para a súa edición.

A ficha que terán que cubrir as organizacións será a seguinte estrutura que poñemos como exemplo:

1.- ACHÉGATE A NÓS

Datos de contacto

2.- QUE SOMOS?

Como nos definimos

3.- QUE FACEMOS?

Cal é a nosa principal función ou actividades

4.- QUE PODES ATOPAR?

Ser vixos concretos que damos

5. TEMAS A ENGADIR MÁIS ALÁ DAS FICHAS:

Que queremos destacar

Ademais incluírase unha sección específica para persoas estranxeiras coa seguinte temática:

*UAMI

*Itinerario Regularización:

-Empadramento

-Residencia

-Reagrupamento

-NIE

-TIE

-Visado

*Vivenda:

-Aluguer

-Compra

-Veciñanza

*Emprego:

Autorización de traballo

-INEM

-Autónomos

*Saúde:

-TSI

-Seguridade Social
-Estructura do Sistema Sanitario Público

***Educación:**

-Matricula
-Año escolar
-Estructura do Sistema Educativo
-Estudios Superiores
-Formación para adultos.

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.

Ter unha guía de recursos actual, útil e integradora

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

Integrantes das entidades presentes no barrio e veciñanza

LUGAR DE REALIZACIÓN

Barrio de Vite

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN

Realización selección previa de tódalas entidades do barrio e comunicación directa con elas para unha reunión posterior

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.

Técnica/o do proxecto

Portátil
Internet
Telefonía

DATAS (indicar meses no que comeza e termina a actividade)

Do 01 de agosto ao 30 de agosto

6. NOME DA ACTIVIDADE: A.2.2 DESEÑO DA GUÍA DE RECURSOS.

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.

Realizarase un deseño específico da guía de recursos, cun formato práctico para o seu uso e distribución, xunto cunha imaxe atractiva específica do barrio para que sexa identificable de forma rápida pola súa veciñanza e coa que se sintan a gusto. Terase como exemplo a seguir a guía de recursos realizada para os barrios de San Pedro e Fontiñas no 2014 e que tivo moi boa acollida por parte das entidades da rede e dos usuarios/as dos servizos do barrio

A estrutura será sinxela, pero completa. Incluirá que entendemos polo barrio de Vite e administrativamente a que corresponde. Falaremos dos servizos públicos que ofrece e dos que ten que compartir con outros barrios, e engadiremos todos os servizos específicos que ofrecen as entidades que traballan na zona, todos os recursos asociativos que existen, facendo especial fincapé na integración e na participación activa nos barrios.

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.

Facer atractiva e útil a guía

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

Toda a veciñanza do barrio

LUGAR DE REALIZACIÓN

Barrio de Vite

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN

Reunión entre a empresa de deseño e a persoa que coordina o proxecto para a selección do deseño

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.

Persoal técnico

Empresa de deseño

Recursos materiais: material de oficina, reprografía, ordenador e comunicacións (teléfono, internet, fax).

DATAS (indicar meses no que comeza e termina a actividade)

01 de setembro ao 30 de setembro

7. NOME DA ACTIVIDADE: A.2.3 PRESENTACIÓN PÚBLICA DA GUÍA DE RECURSOS.

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.

A guía de recursos será presentada publicamente no barrio para que as persoas que queiran poidan facer uso dela. Ademais se indicará os espazos nos que se distribuirá para o seu uso como Centro Sociocultural, Servizos Sociais, Centros Educativos... Nesta presentación entregaranse exemplares en papel, e darase a posibilidade de descargar a guía en dixital nun enlace.

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.

Dar a coñecer a guía de servizos

PERSOAS DESTINARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

Veciñanza do barrio

LUGAR DE REALIZACIÓN

Barrio de Vite

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN

Reunións de planificación da presentación pública cos xestores do espazo onde se leve a cabo

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.

Persoal técnico do proxecto

Recursos materiais: material de oficina, reprografía, ordenador, proxector, comunicacións (teléfono, internet, fax) e desprazamentos.

DATAS (indicar meses no que comeza e termina a actividade)

Do 01 ao 20 de outubro

8. NOME DA ACTIVIDADE: A.3.1 DESEÑO CONXUNTO COA VECIÑANZA DO BARRIO DO ENFOQUE DO DOCUMENTAL E O SEU GUIÓN.

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.

O documental, que ten como obxectivo por en valor o aporte dos cidadáns e cidadás á vida e desenvolvemento dos seus barrios, e a necesidade de visibilizar a diversidade que existe nos barrios, con todo o potencial da veciñanza de sempre pero tamén dando cabida aos aportes das persoas que

escolleron Vite para vivir sendo doutros países. Necesítase incorporar desde o inicio esta perspectiva para que a cidadanía se sinta representada no se conxunto. Por iso realizarase un traballo de selección do enfoque e de elaboración do guión o máis participado posible, de modo que sexan as propias organizacións do barrio as que definan cara onde queren que vire o documental e as persoas que saian representando o barrio nel. Este proceso é máis complexo e lento, pero consideramos que é a forma máis eficaz para que o documental poida xerar un sentimento de pertenza e anime a poboación a participar desa rede de traballo conxunta en beneficio do barrio.

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.

Que os veciños e veciñas sántanse representados no documental e participen na súa elaboración

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

Veciñanza do barrio

LUGAR DE REALIZACIÓN

Barrio de Vite

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN

Reunións previas de explicación do proxecto á xente e entidades do barrio

RÉCURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.

Persoal técnico da organización

Asistencia técnica dun especialista en audiovisual

Equipo de gravación

Equipo de edición

DATAS (indicar meses no que comeza e termina a actividade)

Do 20 de agosto ao 20 de setembro

9. NOME DA ACTIVIDADE: A.3.2 GRAVACIÓN E EDICIÓN DO DOCUMENTAL.

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.

Durante un mes o equipo de gravación traballará na recollida de documentación audiovisual, na elaboración das entrevistas, na edición e a montaxe posterior dun produto documental que recolla como era o traballo en rede no barrio fai 25 anos, como foi evolucionando e como agora ten un reto para afrontar a integración de todas as persoas que viven nel. O documental terá como condición que se amose como desde o máis achegado, desde o local, pódese contribuír á loita pola desigualdade, a integración e a loita polos dereitos de todas as persoas, composteláns ou doutras orixes. O equipo técnico contará cun director, un cámara e un montador que aportarán os seus propios medios técnicos para a gravación, incluídos no custe da asistencia técnica.

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.

Realización dun produto audiovisual de calidade

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

Veciñanza

LUGAR DE REALIZACIÓN

Barrio de Vite

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN

Localización dos espazos onde gravar
Xestión das entrevistas

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.

Especialista en audiovisual
Equipo de gravación

DATAS (indicar meses no que comeza e termina a actividade)
Do 20 de setembro ao 30 de outubro

10. NOME DA ACTIVIDADE: A.3.3 PRESENTACIÓN PÚBLICA DO DOCUMENTAL.

DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.

No Centro Sociocultural do barrio farase unha presentación aberta na que presentará o audiovisual e haberá tempo tamén para debater sobre o seu resultado, e de xerar un debate ao redor do mesmo. Consideramos importante que a xente teña a oportunidade de poder ver o resultado e opinar sobre el, pois é unha forma máis de facelos partícipes do mesmo. Despois subirase a algunha plataforma para que poida ser visto de forma libre por que queira, e moverase nas nosas redes sociais.

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.

Sensibilizar á veciñanza da importancia de contribuír ao desenvolvemento do seu barrio

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

Veciñanza

LUGAR DE REALIZACIÓN

Barrio de Vite

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN

Preparación da presentación

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.

Persoal técnico da organización
Un local público
Proxector
Equipo de son

DATAS (indicar meses no que comeza e termina a actividade)
Entre o 30 de outubro e o 15 de novembro

TERCEIRA. CONTÍA DA AXUDA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

Para a colaboración na realización das actividades obxecto deste convenio, o Concello de Santiago de Compostela con cargo ao seu Orzamento Xeral para o ano 2016, achegará á asociación ASAMBLEA DE COOPERACIÓN POR LA PAZ de **DEZ MIL EUROS (10.000,00 €)**, segundo o artigo 32 das Bases de Execución do Orzamento do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2016, e con cargo á aplicación orzamentaria **020 23100 48000/2016**.

CUARTA.GASTOS SUBVENCIONABLES.

- a) Considéranse gastos subvencionables, para os efectos previstos neste convenio, aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade/programa subvencionado, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido nas bases reguladoras desta subvención. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado polo presente convenio.
- b) Gastos de persoal necesario para a execución das actividades: serán subvencionables as retribucións do persoal destinado á execución das actividades ou programas subvencionados. Non serán subvencionables os gastos do persoal que non preste servizos directamente relacionados co desenvolvemento da actividade ou programa subvencionado.
- c) Gastos derivados da realización do programa ou actividade subvencionados: elaboración de materiais, gastos de publicidade e propaganda específicos do programa ou actividade, material de oficina (papel, impresos e outro material de oficina).
- d) Outros gastos correntes, que estean debidamente xustificados e se consideren estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade ou programa subvencionable.
- e) En ningún caso serán subvencionables gastos de manutención (comidas, consumicións, servizo de restauración, etc.) con cargo os proxectos ou actividade subvencionada, nin dietas por estes conceptos relativas o persoal que preste servizos no desenvolvemento da actividade ou programa subvencionado.
- f) Non se consideraran gastos subvencionables os efectos da presente subvención os de adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados co proxecto subvencionado.
- g) A asociación ASAMBLEA DE COOPERACIÓN POR LA PAZ, beneficiaria da subvención, poderá subcontratar parcialmente con terceiros as actividades obxecto da subvención ata unha porcentaxe que non exceda do sesenta por cento (60%) do importe das actividades subvencionadas. Deberán respectarse en todo caso os límites e condicións previstos polo artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 29 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

QUINTA. FORMA DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

Con respecto á forma de pagamento, estarase o disposto nas anteditas Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2016 (BOP nº 3 de 7 de xaneiro de 2016). Igualmente serán de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O pagamento realizarase previa xustificación dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que é concedida a axuda, así como, da aplicación dos fondos destinados para o efecto.

Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente, antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da conduta e/ou actividade subvencionada.

Procederá a minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento executado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente da actuación subvencionada.

A xustificación do cumprimento das finalidades que motivan a sinatura do convenio farase achegando como **data límite o 15 de novembro de 2016**, a seguinte documentación:

1. Orzamento desagregado onde consten os custos estimados dos conceptos para os cales se solicita a subvención que forma parte do convenio á data da súa sinatura **(ANEXO I)**.
2. Unha memoria das actividades realizadas no proxecto **(ANEXO II)**. Deberase xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.
3. Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de ter cumprido o obxecto do convenio **(ANEXO III)**.
4. Relación detallada do conxunto de todas as subvencións ou axudas solicitadas, concedidas ou percibidas doutros axentes para mesma finalidade, que se acreditará mediante Declaración responsable, asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade, de conformidade co **ANEXO IV**. No suposto de que as actividades fosen financiadas, ademais de por este convenio, con fondos propios, outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas consonte co **ANEXO IX**. En ningún caso, a contía da subvención, só ou en concorrencia con outras subvencións, axudas doutras administracións, entes públicos ou privados, poderá superar a totalidade do custo da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.
5. Relación detallada das facturas (nas que deberá constar concepto, número de factura, data de expedición, data de pagamento, provedor e ordénante) ou documentos xustificativos que se presentan para a xustificación asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade segundo o **ANEXO V**, desagregadas por conceptos consonte o orzamento presentado pola entidade no **ANEXO I**.
6. Unha memoria económica **(ANEXO VI)**, en que se reflicta a vinculación detallada de cada gasto executado co proxecto subvencionado. Deberá quedar acreditado que cada gasto que se xustifique é totalmente necesario para a realización do proxecto, e deberá quedar vinculado a unha actividade ou actuación concreta dentro deste.
7. A **XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL DO GASTO** efectuado con cargo o proxecto ou actividade obxecto de subvención comprobarase coa presentación de:

7.1. FACTURAS:

a) **Facturas orixinais de gasto** (correspondentes o período subvencionable) da totalidade da actividade subvencionada, **ou os demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa**, incorporados na relación na que se fai referencia no parágrafo anterior e, no seu caso a documentación acreditativa do pagamento, ou as súas fotocopias debidamente compulsadas, xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pagamento. As facturas deberán reunir, en todo caso, os requisitos previstos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o

Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, modificado polo Real decreto 828/2013, do 25 de outubro e, no seu caso, coas particularidades previstas no artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o valor engadido, respecto das exencións en operacións interiores.

b) As facturas, ou documentos equivalentes ou substitutivos, **presentaranse en orixinal e serán selados** pola Concellería da Área de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde, cun selo que indicará o procedemento para o que se presentan, para os efectos da súa validación. A xustificación do pagamento das facturas, ou documentos equivalentes, farase mediante xustificantes bancarios (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo, certificación bancaria etc.) en que consten os requisitos especificados polo art. 6 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. En concreto, deberá conter o número de factura, data de expedición, obxecto de pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emite a factura, número de Identificación Fiscal do que expide a factura e domicilio de ambos. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberán identificarse no documento do pagamento as facturas das que é obxecto.

c) No caso de realizarse o **pagamento de forma anticipada**, deberá figurar na factura a expresión "pagamento anticipado" ou outra análoga. Ademais, de acordo co art. 6 apartado i) do Regulamento de Facturación, deberá expresarse a data na que se recibiu o pagamento anticipado por parte do provedor, sempre que se trate dunha data distinta á da expedición da factura.

d) Se presentan **facturas pagadas en efectivo**, deberá constar na mesma o selo da empresa, con indicación de "recibín ou pagado" e a sinatura e data de pagamento, así como unha declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade, de que as mesmas foron pagadas integramente con cargo ós fondos da entidade beneficiaria. En todo caso o importe máximo como xustificante de gasto, admitido mediante esta modalidade de pagamento para os efectos de xustificación da presente subvención establececese en 600 € (seiscientos euros) por factura (Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude). Non se admitirá en ningún caso o fraccionamento de determinados gastos para os efectos de respectar o límite establecido neste parágrafo. **(ANEXO VII)**.

7.2. Para o caso de imputarse a subvención **GASTOS DE PERSOAL** deberán achegarse:

a) Copias dos **contratos** dos/as traballadores/as destinados especificamente a actividade ou programa obxecto de subvención; de non coincidir a categoría especificada no contrato de traballo coas labores asignadas ó proxecto ou actividade subvencionada, dito extremo acreditarase ademais co currículo do/a traballador/r e mais a documentación acreditativa da formación que habilite o desempeño de dita función.

b) **Nóminas** de ditos/as traballadores/as e xustificante do seu pagamento mediante transferencia bancaria que deberá indicar: data de pagamento, nome da persoa que recibiu o pagamento, o mes o que corresponde dito pagamento así como o concepto (data da nómina ao que se refire o pagamento) e ordenante do pagamento.

c) **Seguros sociais** e xustificante do seu pagamento por parte da entidade beneficiaria.

d) Retención á conta do imposto do **IRPF** e xustificante do seu pagamento por parte da entidade beneficiaria.

e) Os custos de persoal deberan acreditarse mediante **Certificado de empresa no que se acrediten os custes de seguridade social e de empresa** asinado pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade. E, en todo caso deberá acreditarse mediante Declaración responsable do representante legal da entidade beneficiaria, que dito persoal está destinado a desenvolver o programa ou actividade subvencionada. **(ANEXO VIII)**

7.3. A xustificación do **PAGAMENTO** dos gastos imputados a subvención, realizarase por algunha das seguintes FORMAS:

- a) Preferentemente mediante **transferencia bancaria**: xustificarse mediante copia do resgardo do cargo da mesma. E conterá, en todo o caso, a data da transferencia, importe, concepto, número de factura, ordénante e provedor/a.
- b) **Cheque**: ademais da copia do cheque firmado, xustificarse mediante copia de Certificado Bancario que deberá indicar data do cargo en conta, número, destinatario e a entidade emisora.
- c) **Efectivo**: So se admitirá o pagamento en metálico para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo, subministros adquiridos en establecementos públicos, como gasoleiras, supermercados, etc.), non podendo superar en ningún caso a contía de seiscientos euros. En todo caso acreditarase a xustificación do pagamento mediante un recibín do/da provedor/a, ben a través dun documento separado ou mediante dilixencia no xustificante de gasto, en ambos os dous casos coa sinatura e NIF do/a provedor/a, a identificación do cliente e a data de pagamento.
- d) Para o caso de pagamentos realizados mediante tarxeta de crédito/débito, deberá achegarse, ademais, a acreditación da súa titularidade, dita tarxeta deberá estar asociada á conta da entidade.
- e) No caso de achegar xustificantes de pagamento bancarios no que conste á transferencia feita a cargo dun número de conta onde non se poida verificar a titularidade a cargo da entidade beneficiaria, entenderase por non xustificado, agás que se aporte por parte da entidade beneficiaria xunto con dita transferencia certificado bancario da titularidade da referida conta.

8. **Certificados de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias** (da Axencia Tributaria e da Dirección Xeral de Tributos da CCAA, e da Tesourería do Concello de Santiago) e **Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social**.

9. Entregar debidamente cumprimentado o **ANEXO IX** que forma parte do convenio no momento da súa xustificación asinado pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade.

10. Achegar o nº de **identificación fiscal** e nº de **conta bancaria** na que facer o ingreso.

11. Xustificación por parte da entidade beneficiaria de ter dado a **adecuada publicidade** do carácter público do financiamento dos programas e actividades obxecto do presente convenio, de xeito que se inclúa, en todo o material de divulgación das actividades obxecto desta axuda, a referencia de que están subvencionadas pola Concellería da Área de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde, mediante a inclusión da imaxe corporativa do Concello de Santiago. As entidades beneficiarias deberán acreditar

na xustificación, mediante unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social para o cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada de conformidade co estipulado na cláusula oitava do presente convenio, polo que a tal efecto deberán presentar Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de ter cumprido con este requisito e, achegar os soportes documentais a que fai referencia a referida cláusula, conforme o **ANEXO X**.

Se, para realizar o obxecto do presente convenio a entidade beneficiaria obtivese subvencións doutras entidades públicas ou privadas que, en concorrencia coa concedida superara o total do custo da actividade, minorarase a achega do Concello de Santiago, e procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como o interese de demora correspondente.

En todo caso, a data límite para a presentación dos xustificantes non poderá exceder do **15 de novembro de 2016**, para os efectos no disposto no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Considerarase gasto realizado o efectivamente pagado antes do remate do período de xustificación.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non estea ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Asemade porá a disposición do Concello de Santiago de Compostela cantos datos lle sexan requiridos respecto do desenvolvemento do devandito programa.

En todo caso, as achegas correspondentes a vixencia deste convenio, quedan supeditadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio económico correspondente, dando cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de eficiencia e utilización dos recursos públicos.

No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.

SEXTA. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN


As entidades ateranse ás especificacións do establecido no presente convenio para a elaboración e presentación dos soportes documentais xustificativos da subvención, **empregando obrigatoriamente os ANEXOS que forman parte do convenio**. Estes formularios non conterán ningunha epígrafe manuscrita, agás a/s sinatura/s, de ser o caso, e presentaranse no seu formato orixinal e sen emendas nin riscadas, dando lugar a inobservancia destes aspectos á inadmisión da documentación. Así mesmo, deben ter en conta que toda a documentación se debe achegar en papel tamaño DIN A4, sen espirais, carpetas clasificadoras, archivadores, encadernacións ou calquera outro engadido ao papel que dificulte ou impida os procesos de tratamento, arquivamento e dixitalización da documentación e supoña un gasto evitable e superfluo para as entidades; a presentación óptima realizarase coa documentación numerada e fixada mediante elementos metálicos tipo grampas ou de suxeición similares. Cómpre ter tamén en conta que o engadido de portadas á primeira folla dos

modelos normalizados dificulta o proceso nos rexistros oficiais e a alta dos expedientes administrativos, polo que se deberá omitir esta práctica procurando que o selo do rexistro de entrada figure no documento da entidade beneficiaria de presentación da documentación preceptiva.

Así mesmo, co obxecto de verificar os datos contidos nos soportes documentais aportados será necesario que a entidade axunte vía telemática a documentación aportada, os efectos de xustificación de gastos realizados e imputados o convenio, para facilitar a comprobación dos gastos imputados a subvención a través da remisión de todos os **ANEXOS que se axuntan o convenio en formato de texto editable (.doc, ou .docx)**, debidamente cumprimentados, a través do seguinte correo electrónico (pssociais.diversidades.saúde@santiagodecompostela.gal) - Concellería da Área de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde do Concello de Santiago de Compostela, coa data límite establecida para a presentación no Rexistro Xeral do Concello isto e, **15 de novembro de 2016**.

SÉTIMA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

De conformidade coas Bases de Execución do orzamento xeral para o ano 2016, son obrigas das entidades beneficiarias as establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e as explicitadas no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e as explicitadas no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as establecidas nas bases reguladoras das subvencións aprobadas polo Concello ou, no seu caso, polo disposto para o efecto no convenio e, en todo caso:

- 
- a) Cumprir o obxecto do convenio, realizando as actividades que fundamenta a concesión da subvención.
 - b) Xustificar ante o Concello de Santiago de Compostela, o cumprimento dos requisitos e condicións; así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión.
 - c) Remitir todos os ANEXOS que se axuntan o convenio en formato de texto editable (.doc, ou .docx), debidamente cumprimentados vía telemática a Concellería da Área de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde os efectos de xustificación de gastos realizados e imputados o convenio, para facilitar a comprobación dos gastos imputados a subvención de conformidade co estipulado na cláusula sexta do presente convenio.
 - d) Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello de Santiago de Compostela, así coma calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
 - e) Comunicarlle o Concello de Santiago de Compostela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas por este convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza pola entidade beneficiaria e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
 - f) Acreditar con anterioridade, á proposta de resolución de concesión que se encontra, o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.
 - g) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en

cada caso, así coma cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos para garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das facultades de comprobación e control.
- i) A entidade beneficiaria deberá dar a adecuada publicidade do carácter público da financiamento dos programas e actividades obxecto do presente convenio. A tal efecto a entidade beneficiaria deberá difundir as actividades a través da internet (páxinas web e/ou redes sociais), ou publicamente e coa adecuada antelación, de xeito que poidan ser coñecidas por todas as persoas potencialmente beneficiarias destas. Para tal efecto na publicidade das actividades farase constar de maneira expresa a colaboración do Concello de Santiago tal e como se dispón na cláusula oitava do presente convenio.
- j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos de acordo co disposto no artigo 40.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e, en todo caso, nos supostos contemplados no artigo 37 da devandita Lei, en relación cos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- k) Perder o dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, de conformidade co artigo 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e co artigo 61 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- l) Dado que a subscripción do presente convenio non implica en ningún caso relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas, voluntarias, becarias ou profesionais que desenvolvan as accións obxecto do mesmo, e o Concello de Santiago de Compostela, a entidade beneficiaria comprométese a manter indemne diante de calquera reclamación, sen poder esixírselle en ningún caso ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

OITAVA. PUBLICIDADE E INFORMACIÓN

1. As entidades beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 18.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 31 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como do artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En concreto, deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto ou actividade subvencionada, o financiamento do/s programa/s ou actividade/s obxecto do presente convenio, con fondos do Excmo. Concello de Santiago a través da Concellería da Área de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde. Para isto, no lugar onde se realicen as actuacións a que se refire a actividade ou programa obxecto desta subvención, deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo en que apareza a imaxe corporativa do Concello de Santiago coa lenda de obrigada inclusión de que dito programa ou actividade esta financiada polo mesmo, en aplicación do disposto na normativa. Cando o proxecto teña publicidade nun sitio da internet deberán figurar na súa páxina

de inicio e en lugar visible as citadas referencias; cando se materialice nunha aplicación informática deberán facerse as citadas referencias na zona de inicio ou menú principal da aplicación informática, así como na epígrafe de información da aplicación (axuda, acerca de ou similares). Cando o proxecto dea lugar a documentación (manuais, cadernos, enquisas, folletos, notas informativas, CD-Rom) deberán constar na dita documentación as citadas referencias, que se colocarán na contraportada no caso das publicacións. En todo caso deberá realizarse por parte da Entidade beneficiaria reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflecta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados os efectos da xustificación do cumprimento deste requisito.

2. Asemade, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa modifica o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e establece que a partir do 1 de xaneiro de 2016 serán de aplicación as disposicións que en materia de publicidade se recollen no apartado 20.8 e as correlativas dos artigos 17.3.b), 18 e 23.2, sinalándose no apartado 20.8 que convocar unha subvención sen seguir o procedemento indicado na propia lei será causa de anulabilidade da convocatoria.

Correlativamente, a Resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións (BOE Nº 299, de 15 de decembro de 2015), no seu apartado Terceiro.1 sinala que as bases reguladoras aprobaranse e publicaranse de acordo co réxime que en cada Administración teña establecido para a eficacia das disposicións administrativas, rexindo con carácter xeral o réxime aplicable recollido no artigo 52 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común.

Na mesma resolución, no seu apartado Cuarto, régulase o fornecemento de información da convocatoria á BDNS:

1. A información será fornecida polos órganos xestores. Dentro de cada órgano deberán establecerse os mecanismos que garantan que a convocatoria e o extracto que se fornecen á BDNS foron aprobados nos mesmos termos pola autoridade competente.
2. O órgano xestor fornecerá á BDNS en todo caso:
 - a) O texto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.
 - b) O texto do extracto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.
 - c) Os datos estruturados da convocatoria, na lingua española oficial do Estado. Entre eles figurará o diario oficial no que deba publicarse o extracto.

Ademais, poderá incluír:

- d) Os mesmos textos da convocatoria e do extracto nunha segunda lingua oficial.
- e) Outros documentos, como formularios de solicitude, instrucións de cumprimento, documentos de axuda e información, etc., que contribúan aos fins de publicidade e transparencia facilitando o seu acceso aos posibles interesados.

NOVENA. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS, E TRANSPARENCIA

1. As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e o Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

A Concellaría da Área de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde do Concello de Santiago velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá coas exixencias da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas. Os datos non serán obxecto de cesión a terceiras persoas; non obstante, o Concello de Santiago a través da Concellaría da Área de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde, revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e lle sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición, que poderán exercerse ben mediante escrito no cal se achegue identificación suficiente, dirixido ao seguinte enderezo: Concello de Santiago. Concellaría de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde, Rúa Isaac Díaz Pardo 2-4 (Galeras) 15705-Santiago de Compostela.

2. Darase cumprimento tamén ás obrigas previstas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e demais normativa de aplicación, en particular ás obrigas de publicidade activa.

DÉCIMA. AVALIACIÓN E INTERPRETACIÓN

Para a interpretación de cantas dúbidas xurdan na aplicación do convenio créase unha comisión mixta, que estará integrada polas persoas que sexan designadas para o efecto por parte das dúas institucións (persoal técnico do Concello de Santiago de Compostela e a entidade beneficiaria). Esta comisión velará polo cumprimento dos obxectivos fixados.

Para os efectos de comprobar a execución do proxecto a entidade beneficiaria remitira con carácter mensual dende a sinatura do convenio unha memoria das actividades desenvolvidas ata a data, seguindo a estrutura da memoria que se incorpora no **ANEXO II** do convenio.

O Concello de Santiago de Compostela resérvase o dereito de orientar tecnicamente o proxecto de actividades e de comprobar a súa execución cando o considere conveniente, así como de divulgar e de dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

DECIMOPRIMEIRA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Són causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de demora percibidos, dende o momento do seu pagamento, as seguintes:

1. Incumprimento de calquera das cláusula establecida no presente convenio.
2. A aplicación total ou parcial dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
3. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

4. Os demais supostos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación cos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DECIMOSEGUNDA. INCUMPRIMENTO, REINTEGROS E SANCIÓN

1. O incumprimento das obrigas contidas neste convenio, nas Bases de Execución Orzamentaria do Concello de Santiago para o ano 2016, ou demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Ás entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

DECIMOTERCEIRA.- RESPONSABILIDADE

A organización e materialización das accións obxecto desta subvención será responsabilidade exclusiva da entidade beneficiaria.

A actuación do Concello de Santiago quedará limitada ao seu outorgamento e a garantir o cumprimento da normativa en materia de axudas públicas.

DECIMOCUARTA. VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, se ben a súa vixencia, para os efectos de dar cumprimento os obxectivos nel establecidos, se entenden producidos dende o 1 de xaneiro de 2016 ata ó 31 de decembro de 2016, sen prexuízo de ser subvencionables as accións ata a data límite para a presentación da xustificación indicada nas cláusulas quinta e sexta.



DECIMOQUINTA. CARÁCTER DO CONVENIO

Este convenio ten carácter administrativo, de acordo co disposto no artigo 4.1.c do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, vindo o seu réxime xurídico determinado polo polas cláusulas establecidas no convenio, e no non previsto, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento; na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; e na lexislación de Réxime Local aplicable ao caso; e, no que resultase imperativamente aplicable, os artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a partir da entrada en vigor da citada norma o día 02/10/2016.

Malia o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da interpretación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno Local, poñendo os seus acordos fin a vía administrativa. Contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende a notificación da

resolución e nos termos previstos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

E, en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan este convenio e os seus anexos por duplicado, no lugar e na data sinalados no encabezamento.

	
<p>D^a Concepción Fernández Fernández. Concello de Santiago de Compostela.</p>	<p>D Alejandro Quiñoá Casteleiro. ASAMBLEA DE COOPERACIÓN POR LA PAZ.</p>

ANEXO I

ORZAMENTO DESAGREGADO ONDE CONSTAN OS CUSTOS ESTIMADOS DOS CONCEPTOS DO PROXECTO/ACTIVIDADE OBXECTO DO CONVENIO E PARA OS CALES SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

ACTIVIDADE/PROGRAMA:

PROGRAMA "VITE: CONSTRUÍNDO BARRIO DESDE A PARTICIPACIÓN DA CIDADANÍA"

CONCEPTOS	ORZAMENTO 2016
Diagnose participativa do barrio de Vite	1.500,00 €
Documental Construínndo barrio. 25 anos de historia	2.700,00€
Deseño e maquetación da guía de recursos do barrio	1.300,00 €
GASTOS DE PERSOAL: Coordinación da execución, seguimento e justificación do proxecto	4.500,00 €
TOTAL	10.000,00 €

Non poderán incluírse gastos por adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados co proxecto subvencionado. Non poderán ser subvencionados os gastos correspondentes ás retribucións do persoal que non teñan unha relación laboral coas entidades beneficiarias e desenvolvan o proxecto ou programa subvencionado. Non serán subvencionables gastos de manutención (comidas, consumicións, servizo de restauración, etc), nin tampouco dietas do persoal destinado a desenvolver o proxecto. Deberá terse en conta que calquera das actividades desenvolvidas serán de carácter gratuíto e non poderán xerarse ingresos a favor das persoas impulsoras do proxecto, en concepto de pagamento de cotas, entradas, etc.

O orzamento e un orzamento estimado da actividade, polo que, como consecuencia da execución da actividade subvencionada poderanse producir desviacións nos conceptos que o integran, podendo ser compensados uns con outros, sempre que do análise do conxunto da documentación xustificativa se deduza o cumprimento do obxecto do convenio, e sempre que estas desviacións non teñan tal entidade que supoñan a alteración das condicións estipuladas neste convenio para a concesión da subvención.



ONGD Declarada de Utilidade Pública



ANEXO II

MEMORIA DO PROXECTO/ PROGRAMA

(Deberá redactarse seguindo estritamente este modelo)

NOME DA ASOCIACIÓN, FUNDACIÓN, ENTIDADE OU FEDERACIÓN

NIF

DENOMINACIÓN DO PROXECTO

Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.

Obxectivos e prioridades. Explicaranse cal ou cales foron os obxectivos xerais e específicos acadados

Persoas destinatarias. Explicarase a quen se dirixiu o proxecto, o seu número aproximado, o tramo de idade.

Sector de poboación atendida e número: Familia, Infancia e Xuventude, Muller, Persoas Maiores, Persoas valoradas como Dependentes, Aquelas Persoas que teñan recoñecida unha Discapacidade, Persoas pertencentes a Minorías Étnicas, Persoas sen fogar ou que habiten nunha infravivenda, Persoas Víctimas de explotación sexual ou trata, Mulleres vítimas de violencia de xénero, Persoas vítimas de violencia doméstica, Persoas en proceso de deshabitación de substancias aditivas, Persoas emigrantes retornados/ás ou Persoas Inmigrantes, Persoas que teñan a condición de persoa refuxiada, e Persoas procedentes de institucións penitenciarias etc..

Persoas encargadas de desenvolver o proxecto. Detallarase o equipo que levou a cabo as actividades e as funcións de cada persoa membro do equipo e as tarefas necesarias que se desenvolveron para a súa execución

Nome e apelidos	Funcións que levou a cabo no proxecto	Actividades en que participou	Tarefas que desenvolveu nas devanditas actividades

Explicar o impacto que tivo na comunidade destinataria do proxecto, así como o efecto multiplicador e o seguimento.

Recursos humanos e materiais implicados na organización do proxecto

Avaliación dos resultados, onde se deberá describir detalladamente o sistema de avaliación empregado para medir os resultados ou os logros (cualitativos e cuantitativos) na execución do proxecto.

Explicar como se fixo a difusión e a visibilidade do proxecto. É obrigatorio xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflecta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.

Calquera outra información que considere preciso incluír para obter unha visión global da avaliación do proxecto. Describa as dificultades e os apoios que se presentaron na execución do proxecto

PERSOA DE CONTACTO PARA REALIZAR CONSULTAS SOBRE A PRESENTE XUSTIFICACIÓN

NOME

APELIDOS

FUNCIÓNS QUE DESENVOLVE

ENDEREZO ELECTRÓNICO

TELÉFONO/S

ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER NO PROXECTO (se o desenvolvemento do proxecto conlevou a execución de varias actividades. Deberá ser cuberta para cada unha das actividades repetindo o esquema)

NOME DA ACTIVIDADE.

DESCRIBIR O QUE SE FIXO.

OBXECTIVO DA ACTIVIDADE.

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

LUGAR DE REALIZACIÓN

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.

DATAS (indicar meses/días no que comezou e terminou a actividade)

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZON SOCIAL
NIF
ENDEREZO
LOCALIDADE
TF/FAX
CORREO ELECTRONICO

E, NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS
NIF
EN CALIDADE DE

DECLARO que a Entidade/Asociación _____

ten cumprido co obxecto do convenio asinado con Concello de Santiago no ano 2016, para o desenvolvemento da Actividade/ Programa/Proxecto _____

de conformidade coas clausulas contidas no mesmo.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2016 (BOP nº 83, martes 3 de maio 2016) e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2016. Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2016 (BOP nº 3 de 7 de xaneiro de 2016). Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

.....de.....de 2016.

ANEXO IV

DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS AXUDAS SOLICITADAS, CONCEDIDAS OU PERCIBIDAS PARA A MESMA FINALIDADE

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZON SOCIAL
NIF
ENDEREZO
LOCALIDADE
TF/FAX
CORREO ELECTRONICO

E, NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS
NIF
EN CALIDADE DE

DECLARO que o conxunto das axudas solicitadas, concedidas e/ou percibidas para a mesma finalidade, PROGRAMA/ACTIVIDADE _____

obxecto do convenio de colaboración asinado co Concello de Santiago de Compostela, para o ano 2016, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais son os seguintes:

- Ningunha outra axuda ou subvención.
 Outras axudas ou subvencións.

CONCEPTO AXUDA	DA	S/C/P(1)	(2)IMPORTE (€)	%(3)	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE PÚBLICA CONCEDENTE (4)

(1) Indíquese o que corresponda S(solicitada),C(concedida),P(percibida)

(2) Importe total da axuda solicitada/concedida/percibida procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

(3) Porcentaxe da axuda sobre o custe total.

(4) Indíquese nome da Administración /Entidade pública concedente e, data da resolución.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación,

cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2016 (BOP nº 83, martes 3 de maio 2016) e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2016. Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2016 (BOP nº 3 de 7 de xaneiro de 2016). Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

.....de.....de 2016.



ANEXO V

RELACIÓN DE FACTURAS/DOCUMENTOS QUE SE PRESENTAN PARA A XUSTIFICACIÓN

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZON SOCIAL
NIF
ENDEREZO
LOCALIDADE
TF/FAX
CORREO ELECTRONICO

E, NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS
NIF
EN CALIDADE DE

DECLARO que a relación de **FACTURAS** que se presentan para a xustificación do convenio asinado co Concello de Santiago para a realización da actividade/ programa /proxecto

_____ do ano 2016 son as seguintes:

(1*)CONCEPTO	NÚMERO DE FACTURA	DATA DE EXPEDICIÓN	PROVEDOR/A OU EMISOR/A	OU NIF-ROVEDOR/A EMISOR/A	DATA DE PAGAMENTO	DE (2*)FORMA PAGAMENTO	IMPORTE (€)

(1*) Concepto: Conceptos establecidos no Orzamento desagregado presentado pola Entidade, á firma do convenio.

(2*) Forma de pagamento: Cheque, Transferencia, Efectivo.

DECLARO que a relación de **NOMINAS/ RETRIBUCIÓNS DE TRABALLADORES/AS** destinados a desenvolver a actividade/ programa _____ do convenio asinado co Concello de Santiago, para o ano 2016 que se presentan para a xustificación son as seguintes:

DATA NÓMINA	NOME TRABALLADOR/A	IMPORTE NÓMINA	SEGURIDADE SOCIAL	DATA DE PAGAM.	FORMA DE PAGAM.

Desexa a devolución das facturas orixinais?

- SI** (Lembre que, para solicitar a devolución, deben achegar os orixinais e unha copia das facturas e dos xustificantes do seu pagamento).
- NON**.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2016 (BOP nº 83, martes 3 de maio 2016) e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2016. Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2016 (BOP nº 3 de 7 de xaneiro de 2016). Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

.....de.....de 2016.



ANEXO VI

MEMORIA ECONÓMICA

(Deberá redactarse seguindo estritamente este modelo)

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZON SOCIAL
NIF
ENDEREZO
LOCALIDADE
TF/FAX
CORREO ELECTRONICO

E, NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS
NIF
EN CALIDADE DE

DENOMINACIÓN DO PROXECTO

ORZAMENTO DO PROXECTO

Número da factura	Provedor/a	Importe	Vinculación detallada e explicación da súa necesidade, do gasto executado por cada actividade ou actuación concreta dentro do proxecto. Non é válida a simple descrición do concepto facturado.

SIGNATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

.....de.....de 2016.

ANEXO VII

DECLARACIÓN RESPONSABLE RESPECTO DAS FACTURAS PAGADAS EN EFECTIVO.

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZON SOCIAL
NIF
ENDEREZO
LOCALIDADE
TF/FAX
CORREO ELECTRONICO

E, NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS
NIF
EN CALIDADE DE

DECLARO que na relación de **FACTURAS pagadas en efectivo** que se presentan para a xustificación do convenio asinado co Excmo. Concello de Santiago para a realización da actividade/ programa

_____ do ano 2016 son as seguintes:

(1*) CONCEPTO	NÚMERO DE FACTURA	DATA DE EXPEDICIÓN	PROVEDOR/A OU EMISOR/A	NIF-ROVEDOR/A OU EMISOR/A	DATA DE PAGAMENTO	(2*) FORMA DE PAGAMENTO	IMPORTE (€)

(1*) Concepto: Conceptos establecidos no Orzamento desagregado presentado pola Entidade, á firma do convenio.

(2*) Forma de pagamento: Efectivo.

DECLARO que ditas facturas foron pagadas integramente con cargo ós fondos da Asociación/ Entidade _____

Así mesmo,

DECLARO coñecer que non poderanse presentar facturas pagadas nesta modalidade con importe superior ó **limite establecido no presente convenio, que establece en 600€ (seiscientos euros)** por cada factura, non podendo fraccionar o importe da facturas co obxecto de dar cumprimento a Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e presupostaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2016 (BOP nº 83, martes 3 de maio 2016) e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2016. Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2016 (BOP nº 3 de 7 de xaneiro de 2016). Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

.....de.....de 2016.



ANEXO VIII

DECLARACIÓN RESPONSABLE RESPECTO DOS/AS TRABALLADORES/AS DESTINADOS A DESENVOLVER AS ACTIVIDADES DO PROXECTO OU PROGRAMA

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZON SOCIAL

NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

TF/FAX

CORREO ELECTRONICO

E, NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS

NIF

EN CALIDADE DE

DECLARO que os/as traballadores/as que se mencionan, estiveron destinados a desenvolver o programa/actividade subvencionada _____

obxecto do convenio o asinado co Excmo. Concello de Santiago, para o ano 2016.

DNI	NOME/ APELIDOS-TRABALLADOR/A	CATEGORIA PROFESIONAL	XORNADA LABORAL

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2016 (BOP nº 83, martes 3 de maio 2016) e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2016. Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2016 (BOP nº 3 de 7 de xaneiro de 2016). Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

.....de.....de 2016.

ANEXO IX

XUSTIFICACIÓN XERAL DA SUBVENCIÓN

D. _____ como representante legal de :

Entidade beneficiaria
CIB/NIF

CERTIFICO:

1º.- Que o programa para o que se concedeu a subvención, e que a continuación se detalla, foi realizado na súa totalidade

Actividade ou programa:
Convocatoria:
Datas de realización:
Importe da actividade:
Importe da subvención concedida:

2º.- Que os gastos xerados na actividade concreta do programa/s subvencionados son os seguintes:
RELACIÓN DE FACTURAS

Nº	CONCEPTO	IMPORTE	DATA DE PAGAM.
IMPORTE TOTAL DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA=			

3º.- Que as subvencións solicitadas ou concedidas por outras Entidades para a realización da actividade subvencionada ascenden a un total de _____ €, co seguinte detalle:

ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE
TOTAL=	

4º.- Que os ingresos xerados pola realización da actividade subvencionada ascenden a un total de _____ €, co seguinte detalle:

ANEXO X

DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE PUBLICIDADE RESPECTO DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO DO PROGRAMA/ACTIVIDADE

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZON SOCIAL

NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

TF/FAX

CORREO ELECTRONICO

E, NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS

NIF

EN CALIDADE DE

DECLARO ter dado a adecuada publicidade do carácter público do financiamento do programa/actividade subvencionada _____

obxecto do convenio, asinado co Excmo. Concello de Santiago no ano 2016, de conformidade co establecido na cláusula oitava do convenio, en cumprimento do disposto na normativa reguladora das subvencións.

A tal efecto achegase coa memoria reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicte o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados.

- Aportase como soportes documentais (carteis, folletos, enquisas, captura de pantalla paxinas web, fotografías ou outra documentación elaborada *ad hoc*) xustificativos o/s seguinte/s:

- **Indícanse** as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación,

cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2016 (BOP nº 83, martes 3 de maio 2016) e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2016. Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2016 (BOP nº 3 de 7 de xaneiro de 2016). Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

.....de.....de 2016.

